

Ramallo, da Universidade de Vigo, referido ao mesmo tema intitúlase “Política lingüística do Estado: problemas e oportunidades” e fala de dúas tendencias contrapostas: os defensores do idioma común e mais a resistencia das minorías lingüísticas. Na súa opinión “é necesario que os partidos políticos asuman con naturalidade que vivimos nun estado plurilingüe”, unha vez asumida esta idea podería comezar un diálogo serio e construtivo sobre o tema da diversidade lingüística.

Co título “A sociolingüística de Galicia” ábrese o cuarto capítulo deste volume colectivo. Precisamente o nome do capítulo é asemade o do relatorio principal, feito por Anxo M. Lorenzo, profesor na Universidade de Vigo, onde traballa sobre temas de sociolingüística e *language planning*. Na súa intervención, o profesor Lorenzo dai varias chaves para o futuro da lingua e mesmo di que “o porvir do galego vaise xogar nas cidades” e subliña o necesario rol que han de xogar as clases medias urbanas neste proceso de mantemento lingüístico. Gabriel Rei-Doval (da Universidade de Wisconsin) dálle a réplica a Anxo Lorenzo no seu traballo “Sobre crítica interna e sabotaxe lingüística”. Rei-Doval, autor de numerosos estudos sobre a lingua galega, está de acordo coa posición defendida por Lorenzo e fala de dous tipos de comportamentos individuais cara á lingua: o crítico interno e o sabotador. A partir destas dúas actitudes pódese entender mellor “ese sentimento tradicionalmente coñecido entre nós como autoodio” (p. 183), un fenómeno de relevo na sociolingüística galega.

No quinto capítulo da obra temos o traballo de Dónall Ó Riagáin, experto en planificación lingüística e idiomas menos empregados (*lesser used languages*), intitulado “A diversidade lingüística en Europa” no que proporciona argumentos favorábeis para a defensa desta diversidade cultural e humana que son as linguas. Asemade fala do papel dalgunhas institucións internacionais neste aspecto e finalmente dános propostas e suxestións para a defensa do multilingüismo no contexto europeo, entre as que salientaremos o “uso óptimo dos instrumentos xurídicos existentes” (p. 213) e mais “unha serie de recomendacións sobre os dereitos lingüísticos das comunidades inmigrantes” (p. 214).

O último dos capítulos que componen *Sociedades plurilingües...* dedicase ás relacións entre Galicia e a Lusofonía, o espazo lingüístico de fala portuguesa. O profesor Ivo Castro, da Universidade de Lisboa, escribe o relatorio “Galicia no espazo cultural e simbólico da Lusofonía” no cal defende a diversidade dos territorios de fala portuguesa, polarizados en torno a Portugal e Brasil, cunha posición especial para o caso galego. Na súa opinión “é difícil defender o mantemento da unidade entre o galego e o portugués como se ela nunca deixase de existir” (p. 233). O galego, lingua por elaboración, “sente a necesidade de definirse fronte ao castelán e ao portugués” (p.247), ocuparía un lugar non ben definido no espazo lusófono. A profesora da Universidade de Santiago Rosario Álvarez dálle a réplica ao profesor Ivo Castro na última parte do volume e propón soñar

cunha Galicia cunha “Lusofonía integradora” (p. 260) e coa construcción de afinidades entre Galicia e Portugal e o resto de países de expresión portuguesa.

En definitiva esta obra constitúe, na nosa opinión, unha boa mostra de traballos sociolingüísticos achegados á realidade galega, unha realidade social diversa e plurilingüe que cómpre protexer e defender. O Consello da Cultura Galega e os autores que participan no volume son bos exemplos desta tarefa que hai de continuar no futuro desde todos os ámbitos da sociedade, non só desde as páxinas dun ensaio.

Diego MUÑOZ CARROBLES

NOIA CAMPOS, Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral. Clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade, 1013 pp.

Poucas veces o estudosos da literatura de tradición oral é quien de levar a cabo todas as tarefas requiridas polo seu tema de investigación, pois son precisos unha visión de conxunto e unha persistencia notables. Por este motivo cómpre valorar positivamente o labor investigador da profesora Camiño Noia sobre narrativa de tradición oral, labor continuado no tempo e cuxos primeiros froitos datan de 2002. Nesta data reclamaba unha maior atención para os contos de tradición oral ao decatarse da parcialidade das publicacións existentes e da falta dunha catalogación. Consciente das eivas nos traballos editados sobre a narrativa de tradición oral en Galicia, Camiño Noia non pechou o seu estudo coa publicación da recompilación dos *Contos galegos de tradición oral* e, en 2010, ofréenos o imprescindible e necesario catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral.

A catalogación tipolólica proposta por Camiño Noia, como ben se expresa no “Limiar”, baséase no índice internacional elaborado por Antti Aarne e Stith Thompson (AT) e revisado e ampliado por Jörg Uther (ATU). Para aqueles contos que non teñen clasificación en ningunha das edicións do índice internacional, a autora botou man de catálogos rexionais con outras propostas como as de Ralph Boggs, Julio Camarena e Maxime Chevalier, Isabel Cardigos, Carlos González Sanz, Reginetta Haboucha, Terrence Leslie Hansen, Heda Jason e Stanley Robe. A estudosa toma a iniciativa e, no caso de non atopar “nos repertorios sinalados un número de clasificación para os contos galegos dos que temos rexistrada máis dunha versión”, fai “unha proposta de subtipo dentro da serie correspondente do ATU, marcada coa indicación (Noia)”(8-9).

Tal e como se indica no título do libro, este non é unicamente unha clasificación tipolólica (contos de animais, contos de maxia ou marabillosos, contos relixiosos, contos realistas, contos do ogro estúpido, anécdotas e chistes e contos de fórmula), senón que tamén é unha antoloxía de contos (na liña da preparada por J. Camarena e M.

Chevalier). O lector pode ter, desta maneira, un coñecemento profundo dos recompiladores galegos e do arquivo custodiado na Universidade de Vigo (AGANO).

Cada texto desta antoloxía acompaña dunha serie de referencias valiosas para o lector interesado na lingua galega e na literatura de tradición oral. En primeiro lugar, a profesora Camiño Noia ofrécenos datos dos informantes e do seu lugar de procedencia. Este aspecto, unido ao respecto pola variedade lingüística de cada texto, converten a antoloxía nunha mostra da variación interna do galego (especialmente as variedades xeográficas ao incluír, tamén, contos das zonas do galego exterior ás súas fronteiras administrativas).

En segundo lugar, son importantes as versións dos contos, dende a antigüidade ata hoxe, que se incorporan ao final de cada texto no apartado “Versións literarias”. Ademais, os textos poden incluir comentarios explicativos sobre os motivos do conto, as súas versións, o seu vocabulario... Todos estes engadidos suxiren a riqueza e a complexidade da literatura de tradición oral e, asemade, revelan unha atenta lectura das fontes metodolóxicas e da bibliografía sobre o conto popular.

Por último, como interesada na literatura popular, valoramos especialmente as alusións aos refráns relacionados cos textos narrativos. Esta información permítenos:

- a) Establecer vínculos entre os distintos xéneros da nosa literatura de tradición oral. Contos como “As doce palabras retornoadas” ou “A vella busca o ceo” conéctanse, por exemplo, co oracioneiro ou cos recitados infantís.
- b) Investigar a orixe dos contos e aclarar os posibles procesos de explicitación ou implicitación. Así, o refrán “morte negra vaite ao forno”, frase final dun conto do tipo 1354 “Morte ao forno！”, demostra que o conto, por un proceso de implicitación, permanece no refrán.

En conclusión, pola coidada presentación editorial e pola calidade e cantidade da información, o *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral. Clasificación, antoloxía e bibliografía* enche un baleiro dentro das análises sobre a narrativa de tradición oral e supón un libro de consulta obrigada para o interesado na literatura e na lingua galega. Os obxectivos enumerados pola profesora Camiño Noia no “Limiar” están perfectamente cumpridos.

Ana ACUÑA

O'DONNELL, Mary & PALACIOS GONZÁLEZ, Manuela (eds.) (2010): *To the winds our sails. Irish writers translate Galician poetry*. Cliffs of Moher: Salmon poetry, 169 pp.

Hace dos años celebramos la aparición de *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy* edita-

do por Manuela Palacios y Helena González, ahora reseñámos esta nueva antología de la que Manuela Palacios también es editora, esta vez junto a la novelista y poeta irlandesa Mary O'Donnell. Cabe recordar que Manuela Palacios es directora del proyecto nacional del Ministerio de Ciencia e Innovación “Poesía y Género: Poetas irlandesas y gallegas contemporáneas”.

Michael O'Loughlin, en la contraportada del libro, escribe que, desde Irlanda, Galicia ha sido vista durante largo tiempo como un pariente lejano de ultramar; la presente antología acerca a los oídos irlandeses una voz brillante que resuena con ecos familiares. Es bien sabido que las relaciones entre Galicia e Irlanda son antiguas. Ya en el siglo XIX, animados por el furor romántico, los principales historiadores e intelectuales gallegos, como Manuel Murguía o Eduardo Pondal, fundaron sobre las leyendas del héroe Breogán y los hijos de Mill uno de los pilares de la identidad gallega. De ese modo, Galicia e Irlanda quedaban unidas por una ancestral y utópica hermandad celta. Desde entonces, Galicia no ha cesado de mirarse en este espejo. La Xeración Nós incluyó los mencionados símbolos dentro de su propio ideario y se sabe que intelectuales tan dispares como Vicente Risco y Manuel Antonio simpatizaron con el movimiento nacionalista irlandés. Trabajos como el presente valorizan y refuerzan este antiguo vínculo, creando nuevos puentes, efectivos y afectivos, entre ambas Fisterras basados en un nuevo diálogo que aborda la cuestión “de género” y el papel de la mujer como creadora. Mary O'Donnell añade a las conexiones históricas y culturales de estas dos comunidades los paralelos lingüísticos existentes. La reivindicación de las lenguas nacionales tanto en Galicia como en Irlanda ha conducido a un reconocimiento oficial de los mismos a lo largo del siglo pasado y a una eclosión literaria en las últimas décadas. Tanto el gallego como el irlandés han recuperado su antiguo prestigio como lenguas aptas para la expresión literaria.

Las dos editoras abren el libro con sendos artículos; el primero, firmado por Mary O'Donnell, se titula simplemente *Introduction* (vid. pp. 15-20) y en él la poeta irlandesa parte de su experiencia personal para hablar de las semejanzas que su país tiene con Galicia. En el segundo, titulado *Galician Women poets today: moving from strength to strength* (vid. pp. 21-27), la profesora Manuela Palacios analiza la eclosión que la literatura gallega ha experimentado desde la llegada de la democracia y de la aprobación del Estatuto de Autonomía, que además ha dado entrada a temas nunca antes tratados y voz a una notable nómina de escritoras y de escritores.

La lírica de Luz Pozo Garza tiene la capacidad, casi mágica, de abrir las puertas de lo cotidiano a los mitos del *Lebor Gabála Éren*, el libro de las invasiones de Irlanda. En *Os palacios de inverno* (vid. pp. 30-31), uno de sus poemas que recoge esta antología, leemos “os salmos que regulan a alianza dunha linaxe celta en dúas ribeiras”. Y otro de sus poemas, dedicado a Xesús Alon-